

COFRADIA DE PESCADORES SANTIAGO APOSTOL

RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONVOCATORIA DE AXUDAS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA

Procedemento PE209P. ORDE do 18 de outubro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2023, en réxime de concorrencia competitiva, axudas a proxectos colectivos financiados polo Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), que contribúan á reforzar a xestión dos recursos da pesca costeira artesanal para garantir unha actividade económica, social e medioambientalmente sostible (código de procedemento PE209P).

Expediente: PE209P_2023_029

Examinadas as actas da comisión de avaliación, a documentación achegada no seu caso na fase de emenda, así como, a proposta de resolución formulada pola presidenta da dita comisión, apreciáronse os seguintes,

FEITOS:

Primeiro.- O 15/11/23 a entidade COFRADIA DE PESCADORES SANTIAGO APOSTOL con NIF G27008820 (G27004472) presentou solicitude de axuda para o proxecto: "*XESTIÓN DO ÁMBITO TERRITORIAL CONFRARÍA DE CELEIRO*".

Ao abeiro do establecido nos apartados 11, 12 e 13 da Orde do 18 de outubro citada, a solicitude, xunto coa documentación que a acompaña, foi cualificada, en canto a prazo e forma, como admitida.

Segundo.- O Servizo de Xestión de proxectos en base ao disposto no artigo 16 da orde, no que determina que o expediente cumpre os requisitos da convocatoria, incluída a viabilidade técnica e económica do proxecto.

DIRECCIÓN XERAL DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO
Rúa Irmandiños s/n - Salgueiriños
15701 Santiago de Compostela
Teléf. 981-546177
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



Terceiro.- Feita a correspondente valoración pola Comisión avaliadora, a presidenta da comisión formulou a proposta de aprobación ao órgano concedente para os beneficiarios, proxectos, conceptos e importes correspondentes.

Cuarto.-De acordo co disposto no artigo 5 das bases reguladoras, as entidades propostas como beneficiarias de axuda están ao corrente das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social, non son debedoras por resolución de procedencia de reintegro e non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.

Quinto.- Existe crédito suficiente e axeitado para a concesión da subvención nas aplicacións 15.03.723A.770.1 e 15.03.723A.781.0, código de proxecto 2023 00180, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023 con cargo aos cales se propuxo a fiscalización de conformidade cos correspondentes documentos contables do compromiso do gasto. Así mesmo, non se superan os límites establecidos no artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Na tramitación desde expediente, ademais da ORDE do 18 de outubro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2023, en réxime de concorrencia competitiva, axudas a proxectos colectivos financiados polo Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), que contribúan á reforzar a xestión dos recursos da pesca costeira artesanal para garantir unha actividade económica, social e medioambientalmente sostible , tívose en conta o disposto, entre outras, nas normas seguintes:

- 1.Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021 polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados.



Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. Programa para España 2021-2027. Prioridade 1, O.E. 1.1. OIX: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro

- 2.Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello do 7 de xullo de 2021 polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004.
- 3.Programa FEMPA aprobado pola Decisión da Comisión de aprobación do Programa FEMPA en España (CCI 2021ES14MFPR001) o 29 de novembro de 2022.
- 4.Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de xullo de 2018 sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión Europea, polo que se modifican os Regulamentos (UE) núm. 1296/2013, (UE) núm. 1301/2013, (UE)núm.1303/2013, (UE) núm. 1304/2013, (UE) núm. 1309/2013, (UE) núm. 1316/2013, (UE) núm. 223/2014 e (UE) núm. 283/2014 e a Decisión núm. 541/2014/UE e polo que se derroga o Regulamento (UE, Euratom) núm. 966/2012.
- 5.Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, coas súas posteriores modificacións.
- 6.Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 7.Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 8.Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- 9.Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- 10.Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- 11.Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- 12.Decreto 132/2006, do 27 de xullo, en materia de rexistros de axudas, subvencións, convenios e sancións.
- 13.Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- 14.Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

DIRECCIÓN XERAL DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa Irmandiños s/n - Salgueiriños

15701 Santiago de Compostela

Teléf. 981-546177

cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



15. Lei 11/2023 de 8 de maio, de transposición de Directivas da Unión Europea en materia de accesibilidade de determinados produtos e servizos, migración de persoas altamente cualificadas, tributaria e dixitalización de actuacións notariais e rexistras; e pola que se modifica a Lei 12/2011, de 27 de maio, sobre responsabilidade civil por danos nucleares ou producidos por materiais radioactivos.
16. Real Decreto 193/2023, do 21 de marzo, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e emprego dos bens e servizos a disposición do público.
17. Real Decreto 505/2007, do 20 de abril, que aproba as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e emprego dos espazos públicos urbanizados e edificacións.
18. Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social.
19. Real Decreto 173/2010, do 19 de febreiro que modifica o Código Técnico de la Edificación, aprobado polo Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo de 2006, en materia de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade.
20. Real Decreto 366/2007, do 16 de marzo, polo que se establecen as condicións de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade nas súas relacións coa Administración Xeral do Estado.
21. Real Decreto 1544/2007, do 23 de novembro, que regula as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e emprego dos modos de transporte para persoas con discapacidade.
22. Real Decreto 1494/2007, do 12 de novembro que aproba o Regulamento sobre as condicións básicas para o acceso das persoas con discapacidade ás tecnoloxías, produtos e servizos relacionados coa sociedade da información e medios de comunicación social.
23. Real Decreto 1112/2018, do 7 de setembro, sobre accesibilidade dos sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles do sector público.
24. Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia.

DIRECCIÓN XERAL DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa Irmandiños s/n - Salgueiriños

15701 Santiago de Compostela

Teléf. 981-546177

cma.dxdesevolvemento@xunta.gal





Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. Programa para España 2021-2027. Prioridade 1, O.E. 1.1. OIX: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro

25. Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e eliminación de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.
26. Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
27. Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social.
28. Real Decreto 557/2011, do 20 de abril, pola que se aproba o Regulamento da Lei Orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, trala súa reforma por Lei Orgánica 2/2009.
29. Real Decreto 1262/2007, do 21 de setembro, polo que se regula a composición, competencias e réxime de funcionamento do Consello para a eliminación da discriminación racial ou étnica.
30. Real Decreto 902/2020, do 13 de outubro, de igualdade retributiva entre mulleres e homes.
31. Real Decreto 901/2020, do 13 de outubro, polo que se regulan os plans de igualdade e o seu rexistro e se modifica o Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo.
32. Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual.
33. Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
34. Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
35. Convención Internacional sobre a Eliminación de todas as Formas de Discriminación Racial.
36. Plan para a Igualdade de Xénero no Sector Pesqueiro e Acuícola 21-27.
37. III Plan Estratéxico para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes 2022-2025.
38. Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia.

DIRECCIÓN XERAL DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa Irmandiños s/n - Salgueiriños

15701 Santiago de Compostela

Teléf. 981-546177

cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



39. Criterios de selección para a concesión de axudas do Programa do FEMPA (documento consolidado xuño 2023).

40. Calquera outra norma da Unión Europea, normativa nacional ou autonómica vixente que poida resultar de aplicación.

De acordo cos feitos e fundamentos de dereito expostos,

RESOLVO

CONCEDER unha axuda, financiada polo FEMPA para proxectos colectivos financiados polo Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), que contribúan á reforzar a xestión dos recursos da pesca costeira artesanal para garantir unha actividade económica, social e medioambientalmente sostible, cos requisitos e nas condicións establecidas nos números seguintes a cuxo cumprimento se compromete a persoa beneficiaria coa aceptación da axuda.

I. Requisitos específicos relativos aos produtos ou servizos

Denominación	XESTIÓN DO ÁMBITO TERRITORIAL CONFRARÍA DE CELEIRO
Nº EXPEDIENTE	PE209P_2023_029
Identificación	Programa para España CCI 2021ES14MFPR001
	Prioridade 1 - Fomentar a pesca sostible e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos
	O.E 1.1: Reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e medioambientalmente sostibles.
	Medida. 1.1.1-Xestión sustentable dos recursos pesqueiros. Fomentar a pesca sustentable e a recuperación e conservación dos recursos
Convocatoria	Convocatoria 2023 ao abeiro da Orde do 18 de outubro do 2023
Organismo Intermedio Xestión	Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Obxecto	Reforzar a xestión dos recursos da pesca costeira artesanal

DIRECCIÓN XERAL DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa Irmandiños s/n - Salgueiriños

15701 Santiago de Compostela

Teléf. 981-546177

cma.dxdesevolvemento@xunta.gal





Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. Programa para España 2021-2027. Prioridade 1, O.E. 1.1. OIX: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro

	para garantir unha actividade económica, social e ambientalmente sustentable	
Ubicación	Concello: Viveiro	Provincia: Lugo

II. Plan financeiro

Importe total do proxecto	35.079,20 €		
Importe solicitado subvencionable	35.079,20 €	Porcentaxe da subvención	100%
Importe da subvención concedida	35.079,20 €		
	Importe público	FEMPA (70 %): 24.555,44 €	C.A. (30 %): 10.523,76 €
Importe privado	0 €		

III. Prazo de execución

Proxecto plurianual (SI/NON)	SI	Anualidade 2023
Data execución	Dende o 1 de xullo de 2023 a 30 xuño de 2024	
Prazo de execución e xustificación	Ata o 29 de decembro do 2023 anualidade 2023 1 de setembro de 2024 para a anualidade 2024	

IV Conceptos subvencionables:

Anualidade	Contratación persoal	Núm. efectivos	Meses efectivos	Total meses	Importe axuda mes/efectivo	Importe total	Total anualidade
2023	Asistencia técnica	0				0,00	17.160,00
	Vixilancia	2	6	12	1430/MES	17.160,00	
2024	Asistencia	0				0,00	17.160,00

DIRECCIÓN XERAL DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa Irmandiños s/n - Salueiriños

15701 Santiago de Compostela

Teléf. 981-546177

cma.dxdesevolvemento@xunta.gal





Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. Programa para España 2021-2027. Prioridade 1, O.E. 1.1. OIX: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro

técnica					
Vixilancia	2	6	12	1430/MES	17.160,00

MATERIAL :

Anualidade 2023

Concepto	Unidades	Importe solicitado	Importe subvencionado	Motivo minoración
SERVICIO ADMINISTRACION SISTEMAS + PRISMATICOS		539,60 €	539,60 €	
TOTAL		539,60 €	539,60 €	

Anualidade 2024

Concepto	Unidades	Importe solicitado	Importe subvencionado	Motivo minoración
SERVICIO ADMINISTRACION SISTEMAS		219,60 €	219,60 €	
TOTAL		219,60 €	219,60 €	

OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS:

V Información sobre comunicación e visibilidade:

O beneficiario da axuda, acepta e comprometese a:

A autorización á UE para o uso de materiais de comunicación e visibilidade, previa solicitude, e a posibilidade de utilizalos sen que supoña custos adicionais significativos ou carga administrativa significativa, nin para os beneficiarios nin para os órganos xestores.

Dar a coñecer a axuda prestada polos fondos á operación, de conformidade co establecido artigo 50 do Regulamento (UE) nº 2021/1060, para o cal:

1º. Se a beneficiaria dispón de web ou contas en redes sociais, realizarán unha breve descrición da operación de maneira proporcionada en relación co nivel de

DIRECCIÓN XERAL DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa Irmandiños s/n - Salgueiriños

15701 Santiago de Compostela

Teléf. 981-546177

cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



axuda, cos seus obxectivos e resultados, e destacarán a axuda financeira da Unión Europea.

2º. Nos documentos e materiais de comunicación relacionados coa execución da operación, destinados ao público ou aos participantes, incluirán unha declaración que destaque a axuda da Unión Europea de maneira visible.

3º. Tan pronto como comece a execución física, que implique investimentos físicos ou se instalen equipamentos adquiridos cun custo total superior a 100.000,00 euros: instalarán placas ou valos publicitarios resistentes en lugares ben visibles para o público, nas que apareza o emblema da Unión Europea, de conformidade coas características técnicas que figuran no anexo IX do Regulamento (UE) nº 2021/1060, tan pronto como comece a execución física da operación que implique investimentos físicos ou se instalen equipos adquiridos.

4º. Para as operacións non incluídas no punto 3º, exhibirán nun lugar ben visible para o público un cartel de tamaño mínimo A3 ou unha pantalla electrónica con información sobre a operación destacando a axuda do FEMPA. Cando a persoa beneficiaria sexa unha persoa física, na medida do posible, asegurará a dispoñibilidade da información onde se destaque a axuda do FEMPA nun lugar visible para o público ou mediante unha pantalla electrónica.

En calquera actuación, incluirán, así mesmo, o logotipo da Xunta de Galicia.

O emblema da Unión Europea empregarase de conformidade co anexo IX do Regulamento (UE) nº 2021/1060 cando se realicen actividades de visibilidade, transparencia e comunicación.

Cando as beneficiarias non empreguen o emblema da Unión Europea ou incumpran o establecido nos puntos 1º a 4º desta letra, o organismo intermedio de xestión aplicará medidas, tendo en conta o principio de proporcionalidade e cancelará ata un máximo do 3 % da axuda á operación.

Facer mención á orixe do financiamento e velar por darlle visibilidade, en particular, cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público en xeral, de conformidade co artigo 60 do Regulamento (UE) nº 2021/1139.

VI. Condicións xerais

O beneficiario da axuda acepta e comprométese á:

DIRECCIÓN XERAL DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa Irmandiños s/n - Salgueiriños

15701 Santiago de Compostela

Teléf. 981-546177

cma.dxdesenvolvemento@xunta.gal





Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. Programa para España 2021-2027. Prioridade 1, O.E. 1.1. OIX: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro

- 1) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención dentro dos prazos máximos que se establecen nesta resolución de concesión, co cumprimento das condicións e prescricións establecidas nesta, na orde de convocatoria ou demais normativa de aplicación, de forma que se poida realizar a súa comprobación documental e material.
- 2) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades para as que se solicita axuda, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución ou á consecución dos fins para os cales foi concedida a axuda de que se trate.
- 3) Achegar e actualizar toda a información que lles sexa requirida en relación coas subvencións concedidas e someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a entidade concedente, así como calquera outra actuación de comprobación ou control financeiro que podan realizar os órganos de fiscalización e control da Comunidade Autónoma de Galicia, da Administración xeral do Estado e da Unión Europea, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- 4) Cumprir as condicións de admisión da solicitude do artigo 11 do Regulamento (UE) nº 2021/1139, de conformidade co punto 4 deste.
- 5) Cumprir as condicións de admisión do artigo 11.1 durante todo o período de execución da operación e durante un período de cinco anos despois da realización do pagamento final ao beneficiario. No caso de incumprimento neste período recuperarase a axuda concedida de conformidade co artigo 44 do Regulamento (UE) nº 2021/1139 e o artigo 103 do Regulamento (UE) nº 2021/1060.
- 6) Cumprir as condicións de admisión da solicitude do artigo 11.3 en relación con solicitudes de axuda presentadas por un operador respecto do cal a autoridade competente determinase, por medio dunha resolución definitiva, que cometeu fraude, no contexto do FEMP ou do FEMPA.
- 7) No caso de detectarse infraccións ou fraudes en controis posteriores á concesión da axuda, recuperarase a axuda concedida de conformidade co disposto no artigo 202 do Regulamento (UE, Euratom) nº 2018/1046.
- 8) Manter os investimentos en infraestruturas ou investimentos produtivos obxecto de subvención durante 5 anos, polo menos, ou 3 anos no caso de pemes, dende o pagamento final de acordo co previsto no artigo 65 do Regulamento (UE) nº 2021/1060.

DIRECCIÓN XERAL DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa Irmandiños s/n - Salgueiriños

15701 Santiago de Compostela

Teléf. 981-546177

cma.dxdesenvolvemento@xunta.gal





Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. Programa para España 2021-2027. Prioridade 1, O.E. 1.1. OIX: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro

- 9) Tomarase como data de referencia para o cálculo dos períodos de tempo mencionados, a data contable do último pago da axuda.
- 10) Os supostos do artigo 65.1 do regulamento mencionado non se aplican no caso de producirse o cese dunha actividade produtiva por quebra non fraudulenta.
- 11) Proporcionar toda a información e datos necesarios para poder proceder ao seguimento e avaliación do programa, para poder dar cumprimento ao artigo 42 do Regulamento (UE) nº 2021/1060 e ao artigo 46 do Regulamento (UE) nº 2021/1139.
- 12) Levar rexistros contables independentes ou empregar códigos de contabilidade apropiados para todas as transaccións relacionadas coa operación de conformidade co artigo 74 do Regulamento (UE) nº 2021/1060.
- 13) Conservar os documentos xustificativos relacionados coa operación que recibe axuda durante un prazo de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano en que o organismo intermedio de xestión efectúe o último pago ao beneficiario.
- 14) i) Conservar o rexistro documental e gráfico que avale o cumprimento das obrigas de comunicación e visibilidade, que estará a disposición das autoridades do Programa e da Comisión Europa, cando se solicite.
- 15) Os rexistros e documentos conservaranse, ben en forma de orixinais, ben en forma de copias compulsadas de orixinais, ben en soportes de datos comunmente aceptados, entre eles versións electrónicas de documentos orixinais ou documentos existentes só en versión electrónica. Cando existan versións electrónicas, non serán necesarios orixinais, se ditos documentos cumpren os requisitos legais para poder se considerados equivalentes a orixinais e fiables, para efectos de auditoría.
- 16) A aceptación da axuda, sexa de forma tácita ou expresa, implicará:
- 17) 1º. A autorización da inclusión da operación subvencionada na lista de operacións seleccionadas para recibir axudas do FEMPA, consonte ao sinalado no artigo 49, apartados 3 e 5, do Regulamento (UE) 2021/1060.
- 18) Non concertar a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con persoas ou entidades afectadas polas situacións referidas no artigo 27.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 19) Cumprir coa normativa comunitaria, nacional e rexional vixente segundo a normativa sectorial que resulte de aplicación.



- 20) Respetar a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea. Ter en conta a promoción e igualdade entre mulleres e homes e a non discriminación. Evitar calquera discriminación por razón de xénero, orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual e ter en conta a accesibilidade para as persoas con discapacidade, de ser o caso.
- 21) Comunicar a renuncia ao expediente solicitado no momento no que se produza a certeza da non execución no caso de non ser quen de realizar a actuación para a cal se concedeu a axuda.
- 22) Aplicarlle á actividade subvencionada os rendementos financeiros que se xeren polos fondos librados aos beneficiarios que incrementan o importe da subvención concedida.
- 23) Ter a capacidade administrativa, financeira e operativa para levar a cabo o proxecto para o que se solicita a axuda.
- 24) Comunicar ao Servicio Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA), os feitos que puideran ser constitutivos de fraude ou irregularidade, a través da canle de denuncia:

<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Paginas/ComunicacionSNCA.aspx>.

Ademais, no caso de operacións que impliquen investimentos en infraestruturas ou investimentos produtivos, a persoa disporá de recursos e mecanismos financeiros necesarios para cubrir os custes de funcionamento e mantemento das operacións, para garantir a súa sustentabilidade financeira.

VII CONDICIÓNES ESPECÍFICAS DE CUMPRIMENTO E XUSTIFICACIÓN:

1.- Os beneficiarios quedan obrigados á realización do sinalado nos puntos 1 e 2 do artigo 5 da Orde do 18 de outubro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convoca para o ano 2023 (DOG núm. 206 do 30.10.2023). En especial as asistencias técnicas deberán cumprir as labores indicadas no artigo 6.2.2.1 das bases reguladoras "labores de asistencia técnica".

2.- A xustificación da execución dos proxectos subvencionados deberá realizarse consonte o esixido no artigo 26 das bases reguladoras. Tendo en conta o punto sexto do mencionado artigo non se considerará pago parcial cando comprenda a totalidade da subvención correspondente a unha fase do proxecto susceptible de producir efectos independentes, entendendo como tal as xustificacións trimestrais da axuda.

DIRECCIÓN XERAL DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO
Rúa Irmandiños s/n - Salgueiriños
15701 Santiago de Compostela
Teléf. 981-546177
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



3.-No caso de que lle fose concedida axuda para o servizo de asistencia técnica e co obxecto de facilitar o seguimento das axudas, a partir da resolución de concesión, as confrarías de pescadores remitirán durante os **primeiros 15 días de cada trimestre** a planificación dos traballos que as asistencias técnicas van a desenvolver durante os tres meses seguintes. Esta comunicación farase de xeito telemático aos coordinadores de biólogos correspondentes a súa área.

VIII Contido das condicións das axudas

Esta resolución incorpora o contido do documento (DECA) exixido pola circular 1/2023 da Dirección General de Ordenación Pesquera, pola que se aproba o documento que establece as condicións da axuda, ao que se fai mención no artigo 73.3. do Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021,.

En virtude do exposto, procede a notificación desta resolución a quen corresponda, en particular, á persoa ou persoas beneficiarias do contido no dito precepto, aos efectos do seu coñecemento.

No prazo de dez (10) días desde a notificación da resolución, os/as interesados/as deberán comunicar a aceptación ou o rexeitamento da subvención nas condicións expresadas nela, conforme o anexo V da Orde. Transcorrido este prazo sen producirse manifestación expresa nalgún dos sentidos indicados, entenderase tacitamente aceptada a axuda nas condicións fixadas nesta resolución, segundo dispón o artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

A Consellería do Mar publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Publicaranse no Diario Oficial de Galicia as axudas concedidas, expresando a convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o conselleiro do Mar, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses contados a partir do día seguinte á dita notificación.

Santiago de Compostela

DIRECCIÓN XERAL DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO
Rúa Irmandiños s/n - Salgueiriños
15701 Santiago de Compostela
Teléf. 981-546177
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. Programa para España 2021-2027. Prioridade 1, O.E. 1.1. OIX: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro

O conselleiro do Mar

P.D. Orde do 21.02.2022 (DOG núm. 41 do 01.03.2022), modificada pola Orde do 15.03.2022 (DOG núm. 57 do 23.03.2022)

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo
(Asinado electronicamente)

DIRECCIÓN XERAL DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO
Rúa Irmandiños s/n - Salgueiriños
15701 Santiago de Compostela
Teléf. 981-546177
cma.dxdesenvolvemento@xunta.gal

